



ANUNCIO do 31 de agosto de 2020, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se fai pública a proposta dunha liña de deslindamento con propiedades particulares do monte veciñal en man común (MVMC) Verducedo, Costa de Páramo e Costorias, concello do Páramo (Lugo). Expediente 3DES_2020.

Para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade á proposta de deslindamento do MVMC **Verducedo, Costa de Páramo e Costoiras** con propiedades particulares, presentada o 14.7.2020 pola **comunidade de Saa**.

Con data 14.8.2020, o Servizo de Montes de Lugo emitiu un informe favorable ao considerar que non existe menoscabo da integridade do MVMC.

Contra a proposta de deslindamento, **no prazo dun mes**, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, as persoas interesadas **poderán presentar ante a comunidade propietaria as alegacións e os títulos que acrediten a propiedade ou a posesión dos predios afectados**.

Durante este prazo, a documentación estará dispoñible no Servizo de Montes de Lugo para os efectos de coñecer integramente o contido da dita proposta. Para consultar o expediente, deberase concertar cita previa no teléfono 982 889 256.

Lugo, 31 de agosto de 2020

A xefa territorial
M^a Olga Iglesias Fontal

